



**escola scout
insignia
de madeira**



NORMATIVA 2012/2013

ETAPA DE FORMACIÓN COMÚN DE SCOUTERS

(Nó Gilwell)

Monitor de Tempo Libre

CONDICIÓN PREVIAS

1- Ter 18 ou máis anos

2-FORMACIÓN ACADÉMICA

-Ter o graduado escolar, o graduado de Educación Secundaria Obrigatoria ou ser técnico/auxiliar en Formación Profesional.

3- PARA SOCIOS DE GRUPOS DE ASDE - SCOUTS DE GALICIA:

Ser Scouter recoñecido por ASDE - Scouts de Galicia. No caso de matrícula no módulo de Metodoloxía de Seccións o alumno deberá ter a idade necesaria marcada por ASDE - Scouts de Galicia para poder traballar na sección correspondente.



**escola scout
insignia
de madeira**



FASE TEÓRICA 200 horas **(Esta fase terá que ser cursada nunha soa convocatoria)**

Módulo BÁSICO DE ESCULTISMO		20 h
Módulo de METODOLOXÍA DE SECCIÓNS	MANADA	30 h
	TROPA SCOUT	
	UNIDADE ESCULTA	
	CLAN	
Módulo de PROGRAMACIÓN E INTRODUCCIÓN AO SISTEMA DE PROGRAMAS		20 h
Módulo de ANIMACIÓN E EXPRESIÓN		20 h
Módulo de DINÁMICA DE GRUPOS E COMUNICACIÓN		10 h
Módulo de SOCORRISMO E PRIMEIROS AUXILIOS		10 h
Módulo de EDUCACIÓN PARA A SAÚDE		20 h
Módulo de EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL		20 h
Módulo de AIRE LIBRE Técnicas de Campismo Infraestrutura de campamentos		50 h

***Antes do remate desta fase deberase entregar un comentario crítico sobre un dos libros sinalados polo claustro da ESIM.**



FASE PRÁCTICA

Realizarase despois de completar a fase teórica e consistirá en:

- ⇒ 3 meses de traballo continuado como monitor en prácticas nunha Asociación (no noso caso como scouter nun Grupo Scout);
- ⇒ ou participar como monitor en prácticas nun campamento autorizado pola Xunta de Galicia, dunha duración mínima de 12 días.

En calquera das dúas opcións haberá que ter unha participación activa, non só durante o desenvolvemento da actividade senón tamén da súa preparación e avaliación.

A fase práctica deberá realizarse nun prazo máximo de doce meses dende o remate da fase teórica. Dentro deste período de tempo tamén haberá que entregar o Proxecto Persoal detallado a continuación.

Esta fase será certificada polo Director do campamento ou polo Coordinador do Grupo segundo se realizen as prácticas.



MEMORIA DE PRÁCTICAS

- Para obter o título de monitor de Actividades de Tempo Libre é preciso realizar unha memoria das prácticas realizadas que será apoiada por un titor de Formación.

Esquema da Memoria de Prácticas:

- a) Análise da realidade da Sección
- I Análise da Sección, do Grupo, do entorno, dalgúns rapaces/zas concretos...
- b) Metodoloxía
- c) Obxectivos Xerais
- d) Relación de actividades e temporalización das mesmas, para conseguir ditos obxectivos.
- e) Selección de dous obxectivos da programación indicando contidos, indicadores de avaliación e actividades. Destas, deberase desenvolver unha ficha por cada actividade de cada un dos obxectivos seleccionados.
- f) Avaliación do grao de consecución dos obxectivos.

NOTA: Cando nunha mesma sección se atopen dous ou máis monitores en prácticas, cada un deles seleccionará obxectivos distintos

- g) Avaliación da práctica polo equipo de scouters.
- h) Autoavaliación: avaliación persoal da práctica.

Valorarase a presentación, gráficos, gráficas...



CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Para superar esta etapa de Formación Común os alumnos deberán:

- ✓ Cumprir cos requisitos administrativos fixados pola ESIM.
- ✓ Superar con éxito a avaliación de todos e cada un dos módulos formativos.
- ✓ Non faltar a máis do 10 % das horas de cada módulo
- ✓ Participar activa e positivamente, demostrando unha clara disposición á autoformación e amosando un sincero interese polos contidos do curso.
- ✓ Aplicar as técnicas e contidos aprendidas no curso, reflectíndoas na memoria de prácticas.
- ✓ Cumprir as normas básicas de convivencia.



**escola scout
insignia
de madeira**



O Claustro de Profesores reunirse periodicamente para realizar o seguimento de cada alumno cos titores de formación asignados.



TRAMITACIÓNS

Para proceder á tramitación do Título de Monitor de Actividades de Tempo Libre o alumno deberá:

1. Ter completa a fase teórica.
2. Remitir á Escola Scout Insignia de Madeira a seguinte documentación:
 - Certificado de Prácticas emitido polo Director de campamento ou o Coordinador do Grupo (segundo as prácticas)
 - Memoria de prácticas (en formato dixital e unha vez sexa aprobada polo Titor)
 - Solicitud de do Título de Monitor de Tempo Libre

Para finalizar a Etapa de Formación Común de Scouters o alumno deberá, ademais, remitir a solicitude da finalización da Etapa de Formación.

En caso de posuír o título de monitor de tempo libre por outra escola de tempo libre que non sexa a ESIM, para completar a Etapa de Formación Común de Scouters será necesario:

- Ter cursado o Módulo Básico de Escultismo, o Módulo de Metodoloxía de Seccións e ter entregado o comentario crítico sobre o libro asignado á sección pola que se fai o curso (en formato dixital unha vez sexa aprobada polo Titor)
- Remitir á Escola Scout Insignia de Madeira:
 - 🌸 Unha fotocopia do Título de Monitor de Tempo Libre
 - 🌸 Solicitud da finalización da Etapa de Formación



**escola scout
insignia
de madeira**



ETAPA DE FORMACIÓN ESPECÍFICA DE SCOUTERS

(Insignia de Madeira)

Director de Tempo Libre

CONDICIÓN PREVIAS

- 1- Ter o título de Monitor de Tempo Libre
- 2-FORMACIÓN ACADÉMICA
 - Posuír un título de ensino secundario
- 3- Ter experiencia de ao menos de 250 horas en equipos de animación ou de 30 días de campamento despois da obtención do título de Monitor.



FASE TEÓRICA 150 horas **(Esta fase terá que ser cursada nunha soa convocatoria)**

Módulo de SISTEMA DE PROGRAMAS	20 h
Módulo de DIRECCIÓN E ANIMACIÓN DE GRUPOS	20 h
Módulo de ORGANIZACIÓN E XESTIÓN I	20 h
Módulo de ORGANIZACIÓN E XESTIÓN II	20 h
Módulo AVANZADO	70 h

***Nesta fase, e sempre dentro destas horas, o Claustro poderá engadir algún traballo ou práctica a realizar polos alumnos**



FASE PRÁCTICA

Realizarase despois de completar a fase teórica e consistirá en:

- ⇒ 3 meses de traballo continuado como coordinador/director en prácticas nunha Asociación (no noso caso como Coordinador de Grupo ou de Sección nun Grupo Scout);
- ⇒ ou participar como director en prácticas nun campamento autorizado pola Xunta de Galicia, dunha duración mínima de 12 días.



**escola scout
insignia
de madeira**



En calquera das dúas opcións haberá que ter unha participación activa, non só durante o desenvolvemento da actividade senón tamén na súa preparación e avaliación.

A fase práctica deberá realizarse nun prazo máximo de doce meses dende o remate da fase teórica. Dentro deste período de tempo tamén haberá que entregar o Proxecto Persoal detallado a continuación.

Esta fase será certificada polo Director do campamento ou polo Coordinador do Grupo segundo se realizasen as prácticas.



MEMORIA DE PRÁCTICAS

- Para obter o título de Director de Actividades de Tempo Libre é preciso realizar unha memoria das prácticas realizadas que será apoiada por un titor de Formación.

A memoria de prácticas relatará o proceso levado a cabo, sempre desde o punto de vista de dirección de actividade, desde a planificación e preparación ata a realización e avaliación.



CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Para superar esta etapa de Formación Específica os alumnos deberán:

- ✓ Cumprir cos requisitos administrativos fixados pola ESIM.
- ✓ Superar con éxito a avaliación de todos e cada un dos módulos formativos.
- ✓ Non faltar a máis do 10 % das horas de cada módulo
- ✓ Participar activa e positivamente, demostrando unha clara disposición á autoformación e amosando un sincero interese polos contidos do curso.
- ✓ Aplicar as técnicas e contidos aprendidas no curso, reflectíndoas na memoria de prácticas.
- ✓ Cumprir as normas básicas de convivencia.

O Claustro de Profesores reunirse periodicamente para realizar o seguimento de cada alumno cos titores de formación asignados.



TRAMITACIÓNS

Para proceder á tramitación do Título de Director de Actividades de Tempo Libre o alumno deberá:

1. Ter completa a fase teórica.
2. Remitir á Escola Scout Insignia de Madeira a seguinte documentación:



escola scout insignia de madeira



- Certificado de Prácticas emitido polo Director de campamento ou o Coordinador do Grupo (segundo as prácticas)
- Memoria de prácticas (en formato dixital e unha vez sexa aprobada polo Titor)
- Solicitude do Título de Director de Tempo Libre

Para finalizar a Etapa de Formación Específica de Scouters o alumno deberá, ademais, remitir a solicitude da finalización da Etapa de Formación.

En caso de posuír o título de director de tempo libre por outra escola de tempo libre que non sexa a ESIM, para completar a Etapa de Formación Específica de Scouters será necesario:

- Ter cursado o Módulo Avanzado, no que se atopa o traballo a maiores que nel se inclúa por parte do claustro en función do programa do módulo.
- Remitir á Escola Scout Insignia de Madeira:
 - 🌸 Unha fotocopia do Título de Director de Tempo Libre
 - 🌸 Solicitude da finalización da Etapa de Formación



**escola scout
insignia
de madeira**



INSCRIPCIÓN, DOCUMENTACIÓN E Nº DE PRAZAS

O prazo de inscrición no Curso de Monitor de Tempo Libre e de preinscrición no Curso de Director de Tempo Libre é ÚNICO. Comeza o 17 de outubro e remata o 29 de outubro .

As inscricións e preinscricións enviaranse á dirección de correo electrónico seguinte:

admin.esim@gmail.com

- A documentación precisa para a inscrición no **CURSO DE MONITOR DE TEMPO LIBRE** é a seguinte:

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia do Título de Graduado Escolar, de Educación Secundaria Obrigatoria ou Técnico/Auxiliar en F.P
- 1 foto actualizada de tamaño carné.
- Follas de inscrición cubertas.
- Xustificante de pago do 50% do total da matrícula.

NOTAS IMPORTANTES:

- Todo este material mandarase escaneado vía correo electrónico xunto co formulario de inscrición cuberto.
- O restante 50% do pago matrícula realizarase nos cursos. En cada un se abonará o 50% do custe do módulo.
- En caso de ausencia xustificada a un curso efectuarase a devolución do 50 % da matrícula.
- O número de alumnos admitidos nos cursos serán un máximo de 25 en cada curso. A admisión farase por orden de inscrición ata cubrir as 25 prazas.

- Para o **CURSO DE DIRECTOR DE TEMPO LIBRE** non é necesaria esta documentación ata que non se abra o período de matrícula, en función do resultado da preinscrición.